

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E O CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS, M.P. (CSIC) PARA FOMENTAR A ACTIVIDADE INVESTIGADORA DO PERSOAL INVESTIGADOR BENEFICIARIO NAS CONVOCATORIAS DE AXUDAS DO PROGRAMA DO CONSELLO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN (ERC) NO MARCO DO H2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da Vicepresidencia segunda de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Innovación ten previsto formalizar co Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M.P. (CSIC), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 30 de xuño de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer, dentro do *Programa Oportunius*, o marco de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M.P. (CSIC) que permita reforzar a actividade investigadora do persoal investigador que resultou beneficiario nas convocatorias de axudas SyG do ERC dentro do programa europeo de I+D+i Horizonte 2020 e obtivo financiamento.

O obxectivo é ofrecer a un organismo de investigación non universitario, o INCIPIT do CSIC, por ser o único que conta cun investigador beneficiario da última convocatoria SyG do ERC resolta, fondos destinados a apoiar a actividade investigadora do persoal investigador principal beneficiario co obxecto de que poida crear ou consolidar o seu propio equipo ou programa de investigación. A axuda será para cada ano de vinculación co Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIT) do CSIC.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Que o Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M.P. (CSIC), é a maior institución pública dedicada á investigación en España e a terceira de Europa. Adscrita ao Ministerio de Ciencia e Innovación, a través da Secretaría Xeral de



Investigación, o seu obxectivo fundamental é desenvolver e promover investigacións en beneficio do progreso científico e tecnolóxico, para o que está aberta á colaboración con entidades españolas e estranxeiras. Segundo o seu Estatuto (artigo 4), ten como misión o fomento, coordinación, desenvolvemento e difusión da investigación científica e tecnolóxica, de carácter pluridisciplinar, co fin de contribuír ao avance do coñecemento e ao desenvolvemento económico, social e cultural, así como á formación de persoal e ao asesoramento de entidades públicas e privadas nesta materia.

2. O CSIC ten vixente na actualidade o “Plan Estratéxico 2018-2021” no que se definen estratexias, se establecen prioridades e se marcan obxectivos. As principais novidades con respecto ao anterior Plan son a inclusión dos grupos de investigación como nova dimensión, o fortalecemento da actividade investigadora para responder a retos sociais e promover o liderado industrial e, o impulso de sinerxías e alianzas con outras institucións internacionais.
3. O Plan Galicia Innova 2020 en liña cos obxectivos da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3), e acorde co Plan da Unión Europea Horizonte 2020 e a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2013-2020, aspira a consolidar un modelo de crecemento inclusivo e sostible situando a I+D+i como factor clave para garantir a competitividade da economía e a capacidade da sociedade galega para responder ás transformacións globais e aos retos sociais. Concretamente unha sociedade comprometida coa innovación, capaz de adaptarse aos cambios e responder aos seus retos, que camiña cara a maiores niveis de calidade de vida a través da ciencia, a investigación e a innovación.
4. O Plan Galicia Innova 2020 establece dentro da Acción Estratéxica 3. Talento e Capacidades en I+D+i, a adopción de medidas prioritarias para a xeración, atracción, retención e retorno de talento en I+D+i, coa finalidade de promover a incorporación, a atracción e a retención en Galicia de persoas capaces de liderar e desenvolver actividades de I+D+i, tanto no ámbito científico como empresarial, que permitan asegurar a sustentabilidade e garantir a competitividade do ecosistema a medio e longo prazo. A captación do mellor talento científico e innovador é esencial para fortalecer o Sistema público de investigación galego, por iso a Axencia Galega de Innovación promove aos/ás mellores investigadores/as, sen que o seu éxito implique unha carga orzamentaria para a entidade de investigación. Ademais, estímase que é coherente co Plan Galicia Innova 2020 en todas as súas áreas de acción estratéxicas: Acción 1: Coñecemento excelente e transferible; Acción 2:



Innovación e Emprendemento; Acción 3: Talento e Capacidades en I+D+i e
Acción 4: Gobernanza, avaliación e promoción da cultura innovadora.

5. Os programas de financiamento xestionados polo Consello Europeo de Investigación (en diante ERC do seu nome en inglés, European Research Council) apoian ao mellor persoal investigador de calquera nacionalidade que desexe realizar investigación na fronteira do coñecemento en calquera entidade ou organismo de investigación dos 28 Estados Membros da Unión Europea ou os seus países asociados. A tal fin o ERC conta, entre outras, cos seguintes tipos de axudas:
- *ERC Starting Grants (StG)*: apoio ao persoal investigador, con entre dous e sete anos de experiencia tras rematar o seu doutoramento, na creación do seu propio equipo de investigación independente.
 - *ERC Consolidator Grants (CoG)*: apoio ao persoal investigador, con entre sete e doce anos de experiencia tras rematar o seu doutoramento, que están a consolidar o seu propio equipo de investigación independente.
 - *ERC Advanced Grant (AdG)*: apoio ao persoal investigador excelente con polo menos dez anos de experiencia e que lideren proxectos excelentes e altamente innovadores nos seus respectivos campos de investigación
 - *Grants (SyG)*: apoio a equipos de entre dous e catro investigadores/as principais que presenten capacidades complementarias na resolución de grandes retos científicos, imposibles de abordar a través de proxectos de liderado individual.

GAIN e a Secretaría Xeral de Universidades en execución da actuación *b)- Apoio á Excelencia do Programa Oportunius*, obxecto deste convenio, ven apoiando o labor do persoal investigador que, cumprindo as condicións do programa desenvolve a súa actividade no ámbito do Sistema Universitario de Galicia. Neste senso e con carácter anual desde 2015, GAIN, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as universidades do Sistema Universitario de Galicia están a asinar convenios de colaboración para fomentar a actividade investigadora do persoal investigador finalista nas convocatorias de axudas do ERC no marco do H2020.

En execución da actuación do Programa Oportunius, antes citada, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Universidades, dende o ano 2012 ven apoiando ao persoal investigador do SUG beneficiario dos programas Grants complementado as axudas recibidas do Consello Europeo de Investigación para que poidan crear ou consolidar o seu equipo ou programa de investigación en Galicia.



Correspóndelle á Axencia Galega de Innovación instrumentar este mesmo apoio ao personal investigador do CSIC.

6. A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Innovación e a Secretaría Xeral de Universidades, está a desenvolver o *Programa Oportunius*; este programa é unha oportunidade para reter, recuperar e captar talento investigador de excelencia. O obxectivo do programa é poñer a disposición dos investigadores un marco laboral e recursos para o correcto desenvolvemento da súa carreira investigadora.

O programa Oportunius contempla tres liñas fundamentais de actuación:

-Atracción da excelencia: captación, retención e recuperación do persoal investigador excelente (posuidores dunha bolsa ERC) mediante:

a.1) A contratación por parte de GAIN do persoal investigador beneficiario dunha bolsa do ERC.

a.2) A dotación de recursos complementarios aos beneficiarios de bolsas dos programas do ERC para que poidan crear ou consolidar o seu equipo ou programa de investigación en Galicia.

-Apoio á excelencia: impulsando a actividade e o desenvolvemento daquel persoal investigador cunha traxectoria consolidada que supere a fase primeira no proceso de avaliación das bolsas do programa ERC e que non recibiran financiamento. Dotarase ao investigador con recursos económicos e asesoramento co fin de impulsar a súa actividade investigadora e potenciar a consecución de resultados de impacto de cara a participación en convocatorias futuras do ERC.

-Fomento da excelencia: estimulando a participación nos programas do ERC de investigadores que amosen un alto potencial e unha carreira investigadora prometedora, co conseguinte efecto tractor de fondos europeos que podería supoñer para Galicia. Ofrecerase ao investigador formación e asesoramento para a preparación e preparación de propostas ao ERC co obxecto de incrementar as posibilidades de obtención dunha bolsa desta natureza.

7. O ERC concedeulle unha axuda a un proxecto liderado polo investigador principal Felipe Criado Boado do Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIT), instituto de investigación do CSIC, na modalidade Synergy Grants (SyG).
8. Así mesmo, dada a especificidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións



do mesmo, xa que son as universidades do Sistema Universitario de Galicia e o CSIC as principais entidades de investigación da comunidade autónoma que contan con investigadores con subvencións vixentes do ERC e con investigadores beneficiarios do proceso de avaliación das citadas bolsas.

9. Para as actividades obxecto do presente convenio, a Axencia Galega de Innovación, concede al INCIPIT do CSIC, unha axuda por importe total de trescentos vinte mil euros (320.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 06.A2.561A.703.0 (código de proxecto 2016.00014) dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia para os exercicios 2021, 2022, 2023, 2024,e 2025, segundo as anualidades están recollidas na táboa que segue:

Investigador principal	Título proxecto	Anualidades axuda complementaria Axencia Galega de Innovación (€)					TOTAL
		2021	2022	2023	2024	2025	
Felipe Criado-Boado	XSCAPE:Material Minds: Exploring the Interactions between Predictive Brains, Cultural Artefacts, and Embodied Visual Search	40.000,00	80.000,00	80.000,00	80.000,00	40.000,00	320.000,00
TOTAL CSIC		40.000,00	80.000,00	80.000,00	80.000,00	40.000,00	320.000,00

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

